



CASIÑA

DE CHOCOLATE

HANSEL

GRETEL



ÉRASE UNHA VEZ
UN POBRE LEÑADOR
QUE VIVÍA PRETO
DUNHA FRAGA COA
SÚA DONA E OS
SEU FILLOS:
HANSEL E GRETEL



COMO ERAN MOI POBRES
A MADRASTRA
CONVENCEU AO LEÑADOR
PARA QUE ABANDONASE
AOS NENOS NO MEDIO
DA FRAGA



OS NENOS QUE OÍRON
QUE OS ÍAN ABANDONAR
FORON DEIXANDO MIGAS
DE PAN POLO CAMIÑO.
PERO CANDO QUIXERON
VOLVER Á CASA, OS
PAXAROS COMERAN AS
MIGAS E NON PUIDERON
ATOPAR O CAMIÑO DE
VOLTA





CHEGOU A NOITE E OS
NENOS ESTABAN MOI
ASUSTADOS



AO MEDIODÍA VIRON
UN PAXARIÑO QUE OS
GUIOU ATA UNHA CASA
MOI ESPECIAL. ERA
TODA DE
BISCOITO, TIÑA O
TELLADO DE CHOCOLATE
E AS FIESTRAS DE
CAMELO



ALÍ VIVÍA UNHA VELLA QUE
OS ANIMOU A ENTRAR.
PERO EN REALIDADE, AQUELA
MULLER ERA UNHA MALVADA
BRUXA QUE FIXERA A
CASIÑA DE CHOCOLATE PARA
ATRAER NENOS. E DESPOIS,
CANDO ALGÚN CAÍA NAS
SÚAS MANS, COCIÑÁBAO E
PAPÁBAO



CANDO ENTRARON,
METEU A HANSEL
NUNHA GAIOLA E
DÍXOLLE A GRETEL QUE
LLE PREPARASE UNHA
BOA COMIDA AO SEU
IRMÁN PARA QUE
ENGORDASE UN POUCO



UN DÍA A BRUXA PEDÍULLE A
GRETEL QUE PRENDERA O
FORNO PARA COCIÑAR AO
NENO. CANDO A BRUXA FOI
MIRAR SE ESTABA
PREPARADO, METEU A
CABEZA NO FORNO E GRETEL
EMPUXOUNA CARA DENTRO E
PECHOU A PORTA.
DESPOIS A NENA FOI
LIBERAR Ó IRMÁN.



COLLERON OS TESOUROS
QUE A BRUXA TIÑA
AGOCHADOS E CORRERON
PARA SÚA CASA.
ALÍ ESTABA O PAI
ESPERÁNDOOS, A
MADRASTRA XA MORRERA.
ASÍ QUE VIVIRON FELICES E
XAMAIS VOLVERON PASAR
FAME.



ILUSTRACIONES E NARRACIÓN NIÑOS E NIÑAS DE EDUCACIÓN INFANTIL 5 AÑOS

Baseado no conto de
J. e W. GRIMM